

JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que o Concello de Outeiro de Rei organiza un curso de “INFORMÁTICA BÁSICA” dirixido a mulleres, preferentemente demandantes de emprego ou inactivas, aínda que se quedan prazas libres estará aberto á participación tamén de mulleres traballadoras.

Este curso, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e o Servizo Galego de Igualdade, é de 100 h de duración e está previsto que teña lugar do 1/10/2009 ao 29/10/2009 en horario de 9:00 h a 14:00 h. As participantes (sempre que non sexan traballadoras en activo e residan a máis de 3 km do lugar de realización do curso) recibirán unha axuda de transporte de 5 €/día.

Ao longo do curso, tras realizar unha introdución á informática, ensinárase a utilizar Windows XP, Office XP, Internet e o manexo do correo electrónico.

Pódese recibir máis información ou realizar a preinscrición ata o día 15 de setembro no servizo de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Outeiro de Rei (planta 2ª da Casa da Cultura ou no tfno. 982 393 408).

Informase tamén que ata o 11 de setembro está aberto o prazo de solicitude de subvención para os titulares de explotacións leiteiras que desexen acollerse á convocatoria realizada pola Consellería do Medio Rural destinada a apoiar a viabilidade das explotacións leiteiras galegas (DOG do 11/08/2009).

Outeiro de Rei, 3 de setembro de 2009

O alcalde,